



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FENE

Secretaría

Edicto de exposición pública e anuncio de cobranza do padrón fiscal da taxa de terrazas 2024

EDICTO

A resolución da Alcaldía núm. 1393/2025 do 10 de novembro, aprobou o padrón fiscal da taxa por ocupación de terreos de uso público con mesas, cadeiras, tribunas, etc. con finalidade lucrativa, correspondente ao exercicio 2024.

Exposición pública

O padrón aprobado quedará exposto ao público no Concello de Fene polo prazo de 1 MES contado desde o día seguinte ao da publicación deste edicto no BOP, para o seu exame e a presentación de reclamacións perante a Alcaldía por parte das persoas interesadas.

Recursos

Contra as débedas consignadas no padrón contributivo e notificadas colectivamente mediante o presente edicto, as persoas interesadas poderán interpoñer os seguintes recursos:

- Preceptivamente, recurso de reposición ante a Alcaldía deste Concello, regulado no artigo 14.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, dentro do prazo no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da finalización do período de exposición pública do padrón. O recurso será resolto no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da súa presentación e entenderase rexeitado se non se resolve de maneira expresa no dito prazo.

- Recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación da resolución do recurso de reposición ou ben, no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que se teña producido o acto presunto, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

- Sen prexuízo de que poidan interpor calquera outro recurso ou reclamación que estimen procedente.

Anuncio de cobranza

En cumprimento do disposto no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación (RD 939/2005), comunícase:

Prazo de ingreso: O prazo de ingreso en período voluntario é de dous meses, contados a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no BOP da Coruña.

ENVÍO DOS DOCUMENTOS DE INGRESO.- Os documentos de ingreso enviaranse por correo postal ordinario ao domicilio único de cada contribuínte. Este envío non ten carácter de notificación. A non recepción dos documentos de ingreso no domicilio do contribuínte non exime a este da súa obriga de pago.

Se algún contribuínte non recibe no seu domicilio algún dos documentos de ingreso que precisa poderá solicitalo contactando co servizo de recadación municipal (981.492.707, ext. 2218) ou a través do correo electrónico tesoureria@fene.gal. Tamén poderá facer xestións e consultas a través da Oficina Virtual Tributaria do Concello de Fene: <https://ovtfene.dacoruna.gal/ga/>

Advertítese de que unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario, comezará o período executivo, as débedas pendentes poderán ser esixidas polo procedemento de prema e devindicaranse a correspondente recarga do período executivo, os xuros de mora e, no seu caso, as custas que se produzan no procedemento.

O que se anuncia e fai público para xeral coñecemento do presente edicto que ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e no artigo 24 do Regulamento xeral de recadación (RD 939/2005).

Fene, asinado dixitalmente o 11 de novembro de 2025, pola alcaldesa, Alejandra Permuy Meizoso.